

Orde do 21 de xuño de 2005 pola que se convoca o Premio Galicia á Innovación Empresarial correspondente aos Premios Galicia de Investigación 2005.

O Decreto 202/1998, do 25 de xuño, modificado polos Decretos 138/1999 e 177/2002 do 7 e do 10 de maio respectivamente, crea, ademais dos Premios Galicia de Investigación, o Premio Galicia á Innovación Empresarial, destinado a recoñecer e estimular o esforzo innovador por parte das pequenas e medianas empresas (Pemes). A innovación tecnolóxica é un elemento clave para aumentar a produtividade das empresas e consecuentemente a súa competitividade, converténdose así nun instrumento de primeira orde para lograr o desenvolvemento económico de Galicia.

O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico (2002-2005), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 14 de marzo de 2002 (DOG do 4 de abril) ten, entre outros, o obxectivo de fomentar a participación das empresas no proceso de innovación. A este respecto, e conforme dispón o artigo 7 do Decreto 223/2003, do 11 de abril (DOG de 24 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación, Industria e Comercio e se distribúe a competencia para o exercicio da potestade sancionadora entre os seus órganos, a xestión do PGIDIT é competencia da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, como centro directivo integrado na dita consellería e encargado da ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de investigación.

Por esta razón, e tendo en conta as súas competencias, tanto a Consellería de Innovación, Industria e Comercio como o Instituto Galego de Promoción Económica (Igapé) decidiron, como continuación da colaboración iniciada no ano 1999, apoiar economicamente a convocatoria do Premio á Innovación Empresarial 2005, creado polos devanditos decretos, aportando 31.970 € e 18.030 € respectivamente.

En consecuencia, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º

Convocar o Premio Galicia de Innovación Empresarial destinado ao recoñecemento das pequenas e medianas empresas que teñan feito un notable esforzo innovador contribuíndo á transferencia e á explotación dos resultados da investigación, de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-O premio estará dotado con 50.000 euros que se aboarán con cargo á partida orzamentaria 08.05.432A.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

A dotación desta partida realizouse con fondos da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento (31.970 €) e con fondos do Igapé (18.030 €) que

foron obxecto dunha ampliación de crédito na aplicación da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento. O premio vai acompañado dun diploma acreditativo e dunha placa conmemorativa.

Estas axudas acóllense ao réxime autorizado nº N 498/2000, Réxime de axudas rexionais ao investimento, a investigación, a formación, o rescate e a reestruturación, o emprego non vinculado ao investimento e as Pemes (Galicia), aprobado por Decisión da Comisión Europea en data 20-6-2001 para o período 2000-2006 e o Decreto 172/2001, do 12 de xullo sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.-Poderán concorrer ao premio as Pemes galegas situadas ou non en Galicia, que teñan feito un notable esforzo innovador nos últimos catro anos e non recibisen o premio no dito período. Poderán ser premiadas outras Pemes non galegas con algún tipo de vinculación acreditada con Galicia e que teñan realizado unha innovación tecnolóxica salientable nos últimos catro anos. Así mesmo, tamén poderán concorrer ao citado premio aquelas empresas que, como consecuencia do seu esforzo innovador, deixaron de ser Pemes transformándose en grandes empresas sempre que a dita transformación se producise nos últimos tres anos.

Entenderase por pequena e mediana empresa (PE-ME), de acordo co disposto na Recomendación da Comisión das Comunidades Europeas do 6 de maio de 2003 (DOUE L 124, do 20 de maio), as empresas que cumpran as condicións seguintes:

a) Que empreguen a menos de 250 persoas.

b) Que teñan un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou cun balance xeral anual que non exceda de 43 millóns de euros.

Para o cálculo dos efectivos e os importes financeiros mencionados estarase ao disposto na Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003 sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DOUE L 124, do 20 de maio).

Terceira.-As candidaturas serán presentadas polas propias empresas ou pola Confederación de Empresarios de Galicia utilizando o modelo oficial que se publica como anexo a esta orde e dispoñible na internet nos enderezos:

-<http://www.dxid.org>

-<http://www.xunta.es/conselle/in>

As solicitudes irán xunto cos seguintes documentos:

1. Copia cotexada da tarxeta de persoas xurídicas ou tarxeta de identificación fiscal.

2. Poderes suficientes do solicitante e copia compulsada da escritura de constitución e modificación, e, se é o caso, da persoa xurídica á que representa, debidamente inscrita no rexistro mercantil ou industrial.

3. Certificación acreditativa de encontrarse ao día das obrigas tributarias coas facendas estatal e autonómica expedidas pola Axencia Tributaria e pola Consellería de Economía e Facenda, respectivamente así como certificación de encontrarse ao corrente nos pagamentos das cotas de Seguridade Social.

4. Fotocopia compulsada do imposto sobre sociedades correspondentes ao último ano.

5. Memoria descritiva na que se expoñan as razóns polas que a actividade realizada pola empresa a fan merecedora do premio.

6. Documentación que acredite a innovación realizada pola empresa e descrita na memoria do punto anterior.

7. Outra documentación adicional que poida contribuir a mellor avaliación da proposta.

8. No caso de que a empresa recibise, nos últimos catro anos, algunha subvención para realizar innovación deberá achegar copia do proxecto subvencionado e o importe da subvención recibida.

Os documentos 5, 6 e 7 presentaranse por separado.

Quarta.-As solicitudes presentaranse na Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, Xunta de Galicia, situada na rúa Feáns, número 7, local C, C.P.: 15706 Santiago de Compostela no prazo de 40 días naturais contados desde o día seguinte ó da publicación no DOG desta orde, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Quinta.-A selección será realizada por un xurado constituído por:

Presidente:

Director xeral de Investigación e Desenvolvemento ou persoa en quen delegue.

Vogais:

Unha persoa proposta por cada unha das seguintes entidades:

-Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

-Instituto Galego de Promoción Económica.

-Confederación de Empresarios de Galicia.

-Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga).

Secretario:

Un funcionario da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento que actuará con voz pero sen voto.

Sexta.-O premio poderá ser declarado deserto. O xurado adoptará os seus acordos por maioría simple, dirimindo os posibles empates o voto de calidade do presidente. A decisión do xurado será inapelable.

Para a avaliación das candidaturas recibidas o xurado terá en conta os criterios de valoración seguintes:

a) Proxectos de I+ D desenvolvidos con financiamento obtido a través de convocatorias públicas ou con financiación propia da empresa.

b) Publicacións e relatorios científico-técnicos derivados de proxectos de investigación.

c) Existencia de departamento de I+ D e tamaño relativo del.

d) Actividades de desenvolvemento precompetitivo tales como prototipos non comercializables, planta piloto, etc...

e) Actividades de investigación tecnolóxica: produtos e procesos desenvolvidos.

O xurado trasladará a súa proposta á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, que a elevará ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio para que resolva. A resolución, que porá fin á vía administrativa, será publicada no DOG.

Artigo 2º

O premio obxecto desta convocatoria, unha vez resolto, será obxecto de entrega en acto público que se anunciará oportunamente.

Artigo 3º

A convocatoria, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4º

Para os efectos establecidos nos artigos 42.2º e 43.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes será de 6 meses, contados desde a data de publicación desta convocatoria, ditándose resolución expresa con respecto á antedita liña de axudas.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2005.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
 INDUSTRIA E COMERCIO



GALICIA INNOVACIÓN
 Plan Galego de Investigación,
 Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica
 2002 - 2005

PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

ANO 2005

MODELO PSS-03

PROCEDEMENTO PREMIOS GALICIA Á INNOVACIÓN EMPRESARIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN824A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA EMPRESA

NOME		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

Representante legal da empresa

APELIDOS	NOME	NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

CANDIDATURA PRESENTADA

POLA PROPIA EMPRESA
 POLA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Á PRESENTE SOLICITUDE XUNTARÁNSELLE OS SEGUINTES DOCUMENTOS:

- COPIA COTEXADA DA TARXETA DE PERSOAS XURÍDICAS OU TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL.
- PODERES SUFICIENTES DO SOLICITANTE E COPIA COMPULSADA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E MODIFICACIÓN, SE É O CASO, DA PERSOA XURÍDICA Á QUE REPRESENTA, DEBIDAMENTE INSCRITA NO REXISTRO MERCANTÍL OU INDUSTRIAL.
- CERTIFICACIÓNS EXPEDIDAS POLA AXENCIA TRIBUTARIA E POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA DE ESTAR AO DÍA DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COAS FACENDAS ESTATAL E AUTONÓMICA.
- CERTIFICACIÓN DE ESTAR AO DÍA NOS PAGAMENTOS DAS COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO IMPOSTO DE SOCIEDADES DO ÚLTIMO ANO.
- MEMORIA DESCRITIVA NA QUE SE EXPOÑAN AS RAZÓNS POLAS QUE A ACTIVIDADE REALIZADA A FAN MERECEDEDORA DO PREMIO (SETE COPIAS).
- DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE A INNOVACIÓN REALIZADA POLA EMPRESA E DESCRITA NA MEMORIA DO PUNTO ANTERIOR (SETE COPIAS).
- OUTRA DOCUMENTACIÓN QUE SE CONSIDERA QUE POIDA CONTRIBUÍR A MELLORAR A AVALIACIÓN DA PROPOSTA (SETE COPIAS).
- NO CASO DE QUE A EMPRESA RECIBISE, NOS ÚLTIMOS CATRO ANOS, ALGUNHA SUBVENCIÓN PARA REALIZAR INNOVACIÓN DEBERÁ ACHEGAR COPIA DO PROXECTO SUBVENCIONADO E O IMPORTE DA SUBVENCIÓN RECIBIDA.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de xuño de 2005 pola que se convoca o Premio Galicia á Innovación Empresarial correspondente aos Premios Galicia de Investigación 2005.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

 de _____ de _____
 Director xeral de Investigación e Desenvolvemento

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 20 de xuño de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, pola que se convocan trinta e catro cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios para agricultores, en colaboración coas organizacións profesionais agrarias.

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandaría e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia a normativa reguladora para a homologación de cursos de formación para realizar tratamentos con produtos fitosanitarios, así como para a obtención do carné de aplicador/manipulador deste produtos, establece no seu artigo 9 a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que vaia celebrar.

A finalidade principal destes cursos é conseguir unha formación adecuada para os agricultores que realicen tratamentos na súa explotación sen empregar persoal auxiliar, con produtos fitosanitarios de categorías toxicolóxicas nociva ou tóxica, co obxecto de que poidan obter o carné de aplicador/manipulador destes produtos, de nivel básico, que os capacite para exercer a actividade a nivel autonómico e estatal.

En consecuencia, anúnciase a convocatoria de trinta e catro cursos de aplicador/manipulador de praguicidas que terán lugar de acordo coas seguintes bases:

1. Clase de cursos que se van impartir:

Cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios. Nivel básico.

2. Datos do centro organizador:

O organizador será o Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia, en colaboración coas organizacións profesionais agrarias.

3. Obxectivos dos cursos:

Que os agricultores que produzan alimentos para consumo propio ou para a venda efectúen correctamente os tratamentos con praguicidas para poder garantir así que se gardan os prazos de seguridade obrigatorios para cada praguicida e se cumpre coas exixencias legais en vigor en canto a límites de residuos.

Que o aplicador utilice o equipamento de protección adecuado para evitar os posibles danos á súa saúde e á doutras persoas.

Que o aplicador coñeza os primeiros auxilios que se deben prestar en caso de que se produza unha intoxicación con praguicidas.

Que as técnicas de aplicación dos praguicidas se realicen de forma que se impida a posible contaminación do ambiente.

4. Destinatarios:

a) Destinatarios: agricultores que realicen tratamentos na Comunidade Autónoma de Galicia con produtos fitosanitarios.

b) Número de prazos: o número de alumnos que poderá participar por curso será de 30 como máximo.

Cráterios de selección: o solicitante deberá ter, cando menos, 18 anos, e as solicitudes seleccionaranse tendo en conta a súa orde de presentación en calquera das oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Realización:

Os lugares e datas de celebración dos trinta e catro cursos son os que figuran como anexo III desta resolución.

Duración e horario:

-Duración de cada curso: 21 horas lectivas distribuídas en 13 horas de clases teóricas e 8 de clases prácticas.

-O horario de cada curso será de 15.30 horas a 19.30 horas de luns a xoves e de 9.00 a 14.00 horas do venres.

Os coordinadores de cada curso poderán modificar o horario ou ben os días se fose necesario.

6. Programa:

Os temarios que se impartirán son os que figuran no anexo II.

7. Coordinación técnica do curso:

De acordo coa facultade conferida no artigo 10 da Orde do 30 de xullo de 1997, a coordinación do curso será realizada a través do Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia.

8. Solicitudes e inscrición:

a) Documentación: quen desexe participar neste curso deberá presentar cuberta a solicitude que figura como anexo I, xunto cunha fotocopia do DNI, documento de ingreso das taxas de inscrición polo importe de 8,12 euros e dúas fotos tamaño carné dentro dun sobre pechado e rotulado co nome, apelidos e DNI do interesado.

A documentación sinalada anteriormente presentarse nos rexistros xerais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural das 9.00 ás 14.00 horas, ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de instancias permanecerá aberto ata 20 días naturais antes do inicio do curso.

b) Admisión: a relación de solicitantes admitidos exporase no taboleiro de anuncios do organismo convocante e da entidade colaboradora, no prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ao da finalización do prazo sinalado para a inscrición.

9. Superación do curso.

O alumno debe asistir a todas as sesións e superar a proba que avalíe os coñecementos adquiridos. Unha vez superada a proba, o Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia enviará á organización profesional agraria colaboradora os certificados e os carnés de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico dos alumnos aptos, único documento válido para poder exercer a actividade e para os efectos de inspección por parte dos organismos oficiais correspondentes.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2005.

José Antonio Álvarez Vidal
Secretario xeral da Consellería de Política
Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural